

Meu Lérez: O Muíño do Manco

Lino Pazos Pérez

*“Para ensoñar mundos de absoluta
felicidade,
libre da carne mortal que afoga a
vida dos vellos,
eu séntome á beira do río Lérez...”*

(*Meu Pontevedra, Castelao*).

A miña mocidade discorreu entre tres importantes inquedanzas, a primeira, coñecer a fondo o meu Lérez, en cuxas beiras xoguei de neno, pesquei numerosas anguías e onde tamén aprendería a nadar, alá polo 1963, das mans dos rapaces maiores da praciña de Bos Aires, Jorge Alonso e Arturo Juiz, logo de facer a camiñada dende o Borrón, pasando pola alameda de Monteporreiro, a explanada (onde cargaban a madeira da finca de Casimiro Gómez os galeóns que a levarían ata Marín para, desde alí, partir cara a Inglaterra onde servirían de traveseiros nas minas de carbón), para enfiar logo aquel camiño de pés ao carón mesmo do río ata o peirao onde nos bañabamos...; outra das miñas teimas, sendo xa un adolescente, foi o coñecemento da vida e obra de Daniel Castelao (sempre me referín a el polo seu segundo nome), e a terceira, o Mar e as súas xentes..., e parece ser que nin unha cousa, nin as outras, acadarei a coñecer en profundidade.

Sobre o río, aínda que o naveguei (ata as Aceñas) infinidade de veces en botes ou piraguas, desde a súa desembocadura á altura de Tambo (onde acaba a “escollera” construída a finais do século XIX) e o “pateei” ata o seu nacemento (alá pola serra do Candán, visitando o mosteiro de Acibeiro), cada vez que me achego ás súas beiras atopo algo novo, algo

que me chama a atención e que dubido se o coñecía de antes; restos de muíños, pedras no canle do río, sucos nas rochas, camiños apenas intuídos... trinos de paxaros escoitados nun sinuoso carreiro, acompañados do estridente canto dun galo e incluso algún bucinazo dun coche que me recorda que non estou no paraíso, e que, a civilización, cargada de contaminantes, se agocha detrás das intrincadas árbores...



Casa matriz que foi da familia Ozores

Pero falemos do muíño do Manco.

Pasaron os anos (tempo que dediquei a recoller datos e fotografías sobre o río) e, certo día, falando co meu bo amigo José Antonio Mera sobre os muíños no Lérez, dime que o seu avó fora propietario dun deles...

Pouco tempo tardei en convencelo, ou o fixo el, de que era imprescindible facer unha incursión ata o lugar dos seus devanceiros, achegándonos un día do mes de xullo ata o que fora solar dos Ozores, señores de Soga e Coitelo (así llo contaban os veciños a José Antonio cando aínda era rapaz), que desas “prebendas” parece ser estaban ordenados polo rei.

A señorial entrada brasonada cos escudos dos Ozores (onde se achegaban os servos que fuxían da xustiza co fin de librarse dela, xa que unha vez tocada a porta xa non podían ser detidos; iso si, quedaban nas mans dos Ozores, que xa verían que se facía con eles) xa non ten o privilexio de dar acceso á finca, abríndose nas inmediacións unha sinxela cancela que nos introduce nas bastas posesións, agora dos Espiño Amil¹.

Ampla casa matriz, desde a que se ve o río, cortes, alpendres, canaval de indias e bambú, viña, muros de pedras bordeando os camiños que se construíron dentro do predio e, por fin, o que viñamos a ver, o muíño, coñecido no lugar polo do Manco²; José Antonio respondeu a todas as miñas preguntas coa rapidez do que pasou toda a vida solucionando cousas, sobre todo a bordo dos faros de boa parte da nosa costa, dos que era o técnico encargado do seu mantemento.

A propiedade fora mercada polos “esposos José Espiño Amil y Carmen

¹ Os apelidos, co paso das xeracións, foron mudando.

² Este muíño, parece ser, tamén se coñecía co nome “dos Ratos”, posiblemente porque fora custodiado pola familia que leva este alcume e vive nas inmediacións da finca, aínda que tamén puidera ser que se tratara doutro muíño xa desaparecido.



O muiño do Manco, coa súa característica forma de tallamar

Maceira Vecino y Francisca Espiño Amil, viuda de Benito Caramés Barreiro" a Doña Natalia Ozores³, estendéndose a escritura no "lugar de Bouza de Abajo, parroquia de San Andrés de Geve, provincia de Pontevedra", asistindo en calidade de "contador práctico Ramón Salgueiro Ares, de Silleda", quen asina o acordo de venda o doce de marzo de 1927⁴.

Entre as propiedades adquiridas atopábase a casa principal "que se compoñe de varias habitacións, capilla y pasadizo, cocina en lo alto y en lo bajo cuadras y bodega con su patín y escaleras de piedra; casa del casero que se halla en el corral cubierto de la era, hórreo, portales, corral... con vallados y demás correspondiente a este con viñedos, ocupa próximamente sesenta y ocho cuartillos o quince áreas diecinueve centiáreas... tasado en 2.000 pesetas".

³ Natalia Ozores herdara as propiedades, ou unha parte delas, de José Ozores Gago.

⁴ Documentación cedida para este traballo por J. A. Mera.

A compra incluía, a maiores da casa e cercado, outras leiras lindeiras destinadas a "labradío", como as denominadas "Detrás da Casa; Da Mina; Cachada de Arriba, Cachada de Abajo, Barco de Abajo, Barco de Arriba, Sobre Barco de Arriba" (en clara alusión aos botes que se utilizaban para cruzar o río⁵), etc., ademais de dous muiños, como veremos, todo elo valorado en 26.200 pesetas, incluídas as 2.000 das casas, pagando cada un dos irmáns compradores a cantidade de 13.100 pesetas.

Sobre os muiños, dicir que só un deles, o de dous moas, nútrese das augas do Lérez, pois o outro, coñecido como "do Regueiro", consistente nunha soa roda e unha casa co seu fondo, taxado en 250 pesetas, está afastado do río, sobre a canle dun regato" que linda por los cuatro puntos cardinales con la finca Sobre las Ceñas" e que ten, para épocas estivais, unha presa de auga.

O avó de José Antonio, José Espiño Amil, perdería de pequeno, nun accidente cunha escopeta de caza, parte dunha das súas mans, o que o condenaría a ser coñecido dende entón como "o manco", alcume que acompañaría a familia ao longo dos anos.

O muiño "do Manco" consérvase como pode, enfrontándose ano tras ano cos embates do río, que en determinadas épocas do inverno vólvese violento; nada máis tendes que intentar penetrar nel (no muiño) para ver ata onde chegaa auga coas crecidas, pois neste momento está atacado de area, follas, e ramas de árbores, acadando na súa entrada uns dous metros, aproximadamente, de altura.

Este muiño, taxado en 500 pesetas, nomeado na escritura de

⁵ Contan os veciños que ata os anos sesenta do século pasado existía unha barca que cruzaba o río mediante unha tira vira de corda que permitía atravesar o leito sen maiores dificultades, aínda en pleno inverno.

compra como “Das Ceñas”, de duas pedras de moer, atopase lindando co río polo oeste e coa denominada “finca Sobre las Ceñas” polo resto dos ventos, correspondéndolle o dereito de moer “durante una semana, de domingo a domingo, desde la salida del sol, en tanda de quince días”.

A súa construción, a base de pedras irregulares, sacadas das inmediacións ou do propio río, ten forma de tallamar (como os alicerces das pontes) para resistir, como dicíamos, as enchentes do Lérez que nalgúns momentos poden ser verdadeiramente demoledoras; as mesmas que non deixaron pedra sobre pedra dos muíños “dos Cortellos” que se atopaban augas abaixo e dos que non sabemos practicamente nada, a excepción de ver en épocas de estío as súas pedras desgastadas pola erosión das augas na canle do río.



Porta brasonada que daba entrada ao predio dos Ozores

Para conducir as augas que o moverán, construíuse (non temos a data) unha ceña de beira a beira do río, que, segundo di Luís de la Riega, no capítulo IV do seu libro *El río Lérez*⁶, relativo a este tramo, no que fai ao Lérez protagonista, narrando en primeira persoa o seu vertixinoso descenso ata o mar: “Penetro por entre

en el lugar del Couso, sobre un lecho pedregoso, formando varias pequenas cascadas y dando movimiento a varios molinos harineros; y en el lugar de Condesa, de la primera de dichas parroquias, tengo a mi izquierda un alto monte, que en su parte más baja está bien poblado de magníficos robles. La sombra de ellos se proyecta sobre un profundo y bello pozo, de grande extensión. En su término y en la presa de uno de los varios molinos que allí tenía la casa de Rajó, formo otra bonita cascada...”.

A carballeira xa figura na escritura, posiblemente moi minorada polo paso do tempo, “con cuarenta robles y otros regulares más pequenos y 258 pinos ... lindando por el norte con vallado que separa otro pinar de la herencia llamado do Muíño...”.

No muíño “do Manco” traballarian os dous irmáns, dispoñendo cada un deles dun cupo de “una semana sí y otra no, todos los días con sus noches alternando así entre esta (Francisca) y su hermano (José), comenzando siempre en el día domingo a la salida del sol y terminando también en la misma hora”.

Como vedes, cada vez que un anda metido no río, atopa algo interesante...



A ceña que se construiu para conducir as augas ao muíño do Manco

No seu interior pódese ver a división que fixeron os herdeiros dos Espiño Amil, consistente nunha parede de ladrillo (rasilla) que comunicaba unha roda da outra, manténdose unha soa porta de entrada, desaparecida hai tempo, aínda que quedan no lugar os gonzos e algunha esnaquizada peza de madeira.

las parroquias de Mourente y Bora, después de volver sobre mi derecha,

⁶ *Luis de la Riega cita no seu traballo a obra de Cosme Fernández Soler, “Un paseo por el río Lérez”, publicada en 1889 pola imprenta Madrigal. Cosme Fernández, ademais do libro (folleto) citado, escribiu “Descripción de Pontevedra y del Río Lérez”, Memoria sobre las relaciones de Galicia”, “La esclavitud”, “Pontevedra sus producciones agrícolas”, ou “Memoria sobre el estado actual de la Agricultura, Industria y Comercio”, colaborando con artigos na prensa de Pontevedra e Vigo (El Periodismo en Pontevedra).*